

F U N D A C I Ó N



# VII ENCONTROS DE MONDARIZ-BALNEARIO

## O CÉSAR E DEUS: \_\_\_\_\_ RELIXIÓN, LAICIDADE E ESPAZO PÚBLICO

20, 21 e 22 de outubro de 2009 • Mondariz-Balneario (Pontevedra)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO



**Deputación**  
Pontevedra



 **FUNDACION CAIXAGALICIA**

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 informamos de que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro, cuxo responsable é a Fundación Carlos Casares, con domicilio Rúa Elduayen 36, 2º, 36202 Vigo (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é a xestión dos distintos colaboradores da Fundación (membros do Consello Asesor, Club de Amigos, invitados, coordinadores e asesores...). Así mesmo, de que autoriza o envío de comunicacións relacionadas con novas actividades e eventos da Fundación, que estimamos poidan ser do seu interese e a toma de imaxes e a súa posterior publicación nos medios habituais da entidade coa finalidade de divulgar as distintas actividades e eventos que leva a cabo a Fundación. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito a: [info@fundacioncarloscasares.org](mailto:info@fundacioncarloscasares.org).

Á ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES  
ESTÁ PATROCINADA POLAS SEGUINTE ENTIDADES



Concello de Vigo



Concello de Ferrol



Concello de Mondariz-Balneario



Concello de Celanova



Concello de Ourense



Na súa sétima edición, os Encontros de Mondariz-Balneario levan por título *O César e Deus: relixión, laicidade e espazo público*. Con el pretendemos demarcar o terreo sobre o que erguer unha reflexión serena e rigorosa sobre as relacións que se establecen entre os poderes da Igrexa e do Estado.

A civilización occidental moderna mantén unha separación de poderes entre a Igrexa e o Estado como marca de orixe. Desbotada a pretensión de que a modernización conleva unha debilitación da relixiosidade, tal e como auguraban as teorías da modernización do século pasado, o mundo actual ofrécenos un panorama ben diferente: espertan e expándense novas formas de relixiosidade; perviven estados confesionais de marcado sometemento a versións doutrinarias extremistas ou intolerantes, e mesmo algúns estados aconfesionais ven removida a súa *pax* laica pola demanda de maior presenza no espazo público por parte de distintas confesións relixiosas. Fronte a este panorama, certos laicismos insisten na neutralidade e aconfesionalidade do territorio perimetrado polo Estado.

O obxectivo do debate que asumimos nos VII Encontros de Mondariz-Balneario é esclarecer as alternativas e opcións asisadas dende a consideración do contexto mundial e dos antecedentes históricos, atendendo especialmente á nosa circunstancia inmediata.

*O tema dos VII Encontros está baseado nunha proposta de Carlos Fernández*

# P R O G R A M A

## Luns, 19 de outubro

Chegada dos participantes  
ao Hotel Balneario de Mondariz

22.00: Cea

## Martes, 20 de outubro

9.15: Almorzo

10.00 - 13.00: Primeira sesión.  
Salón Pardo Bazán

JOSÉ MARÍA RIDAO  
*O problema relixioso en España*

Moderador: Antón Baamonde

13.30: Acto de inauguración.  
Salón Infanta Isabel

14.30: Xantar inaugural.  
Salón Genaro de la Fuente

17.00 - 20.00: Segunda sesión.  
Salón Pardo Bazán

CARMEN PELLICER IBORRA  
*A escola: ¿territorio de confrontación ou de encontro?*

GONZALO PUENTE OJEA  
*O laicismo como condición dunha sociedade democrática*

Moderador: Javier Pérez Carrasco

22.00: Cea

## Mércores, 21 de outubro

9.15: Almorzo

10.00 - 13.30: Terceira sesión.  
Salón Pardo Bazán

FERNANDO SEBASTIÁN AGUILAR  
*Cristiáns e cidadáns*

HENRI PEÑA-RUIZ  
*A emancipación laica: feitos e principios*

Moderador: Victorino Pérez Prieto

14.30: Xantar ofrecido polo Concello de Mondariz-Balneario

20.00: Conferencia pública.  
Salón Infanta Isabel

GREGORIO PECES-BARBA  
*Laicidade e cidadanía*

22.00: Cea

### **Xoves, 22 de outubro**

9.15: Almorzo

10.00 - 13.30: Cuarta sesión.  
Salón Pardo Bazán

JOÃO MEDINA  
*Paradoxos e orixinalidade da constitución dunha sociedade laica en Portugal*

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA  
*A relixión en España: entre a sancristía e a tribuna*

Moderador: Xosé Fortes Bouzán

14.30: Xantar

17.00 - 19.00: Mesa redonda.  
Salón Pardo Bazán

VICTORINO PÉREZ PRIETO, ANTÓN BAAMONDE  
E BASILIO LOURENÇO

19.00 - 20.30: Quinta sesión.  
Salón Pardo Bazán

JOSÉ BONO  
*Cristianismo, globalización e sociedade no século XXI*

Moderador: Gregorio Peces-Barba

22.00 Cea

### **Venres, 23 de outubro**

Almorzo e despedida dos convidados

Os Encontros de Mondariz-Balneario celebran a sétima edición como foro de debate estable sobre cuestións fundamentais do mundo contemporáneo.

Os Encontros delimitan un espazo para o diálogo libre, aberto e cordial entre persoas informadas, ben dispostas para o debate de ideas e procedentes de áreas profesionais e campos ideolóxicos distintos. En canto foro de debate cívico, os Encontros non son unha reunión científica nin de especialistas académicos.

Os Encontros teñen como horizonte a relación entre Galicia e o mundo, conformándose como un foco de pensamento e reflexión plural sobre os asuntos que afectan a sociedade actual, dende os conflitos interculturais ata a educación, a economía, a política ou a arte. Xa plenamente consolidados, os Encontros son unha contribución da Fundación Carlos Casares á conformación de Galicia como unha sociedade en permanente relación co mundo.

## OS CONVIDADOS

### *José María Ridaio*

Escritor e diplomático, licenciado en Dereito e en Filoloxía Árabe. Como diplomático estivo destinado en Angola, a extinta URSS, Guinea Ecuatorial e Francia, e de 2004 a 2006 foi embaixador de España ante a UNESCO. A partir do ano 2000 convértese en colaborador do diario EL PAÍS e de Cadena Ser. Como escritor, destacan ensaios históricos e novelas como *Contra la Historia* (2000), *El pasajero de Montauban* (2003) ou *Elogio de la imperfección* (2006).

### *Carmen Pellicer Iborra*

Licenciada en Teoloxía e DEA en Pedagogía na Universidade de Valencia. Foi profesora de Estudos relixiosos e ética na Fitzharrys School of Oxford e tamén de Pedagogía Relixiosa na Escola de Maxisterio de Edetania, ademais de impartir clases en diferentes institutos de España. Publicou numerosos artigos, libros de texto (*Educación para a cidadanía ESO*, en 2007) e libros para nenos e adolescentes (*Una promesa*, en 2007).

### *Gonzalo Puente Ojea*

Escritor e diplomático retirado. Foi decano dos Embaixadores de España. En 1950 incorporouse como secretario ao Ministerio de Asuntos Exteriores. Como diplomático foi cónsul adxunto en Marsella e cónsul en Mendoza ou Chicago. No goberno de González foi designado subsecretario de Asuntos Exteriores e, posteriormente, embaixador de España no Vaticano. Entre as súas obras destacan *Fe cristiana, Iglesia, poder* (1991), *Elogio del ateísmo. Los espejos de una ilusión* (1995) ou *El mito de Cristo* (2000).

### *Fernando Sebastián Aguilar*

Arcebispo de Pamplona e bispo de Tudela, emérito en ambas sedes dende 2007. Realizou estudos eclesiásticos e de filosofía e teoloxía, obtendo en 1955 o doutoramento polo Pontificio Ateneo "Angelicum". Foi decano da Facultade de Teoloxía e posteriormente Reitor Magnífico da Universidade Pontificia de Salamanca de 1971 a 1979, ano no que é nomeado bispo de León. Tamén foi elixido vicepresidente da Conferencia Episcopal Española en 1993 e 2002.

### *Henri Peña-Ruiz*

Profesor e filósofo, é Catedrático do Instituto Fenelon e do Instituto de estudos políticos de París. Os seus estudos seguen os rumbos da filosofía do laicismo e da reflexión sobre as expresións sensíbeis dos conceptos. Membro do Partido de Esquerda (GC), en 2003 foi un dos vinte sabios da Comisión sobre o laicismo presidida por Bernard Stasi. Entre as súas obras destacan *Dieu et Marianne: philosophie de la laïcité* (1999), *La laïcité pour l'égalité* (2001) ou *Le Roman du monde, légendes philosophiques* (2001).

### *Gregorio Peces-Barba*

Catedrático de Filosofía do Dereito na Universidade Carlos III de Madrid. Foi entre 1963 e 1975 avogado en numerosos procesos e consellos de guerra, distinguíndose na súa defensa dos dereitos humanos e da democracia. É un dos redactores da Constitución Española de 1978 e foi designado deputado e presidente do Congreso. A partir de 1989 centrouse na construción da Universidade

Carlos III, sendo o seu primeiro reitor. En 2004 foi nomeado Alto Comisionado de Apoio ás Víctimas do Terrorismo. É colaborador habitual de varias radios e revistas.

#### *João Medina*

Catedrático xubilado de Historia na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, doutorouse en Socioloxía na Universidade de Estrasburgo. En 1974 foi nomeado Director Xeral no Ministerio da Comunicación Social. Profesor e relator en diversas universidades europeas, americanas e africanas. Director da *Revista da Facultade de Letras* e da revista *Clio* dende 2002, colaborou como cronista en diversos diarios e revistas portuguesas. Como escritor destaca pola súa obra historiográfica, de ensaio literario e de novela.

#### *Victorino Pérez Prieto*

Teólogo e escritor, profesor nas universidades da Coruña e Santiago. Doutor en Teoloxía pola Universidade de Salamanca. Membro da Asociación de Teólogos Juan XXIII e da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Ensaísta e publicista, ten publicado varios libros, artigos e xornais. Foi director da revista *Irima* e do Consello de redacción da revista *Encrucillada*. É conferenciante asiduo sobre temas relacionados coa relixión e a cultura en ámbitos relixiosos, laicos, universitarios e populares.

#### *Andrés Torres Queiruga*

Doutor en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela (na que é profesor de Filosofía da Relixión) e de Teoloxía pola Universidade Pontificia Gregoriana de Roma. Académico numerario da Real Academia Galega e membro do Consello da Cultura Galega. Cofundador e director da revista *Encrucillada* e membro do consello de redacción de *Grial*. Entre as súas obras destacan *A revelación de Deus na realización do home* (1985), *Fin del cristianismo premoderno* (2001) ou *Da filosofía da saudade* (2003), Premio Trasalba 2009.

#### *Antón Baamonde*

Profesor de Filosofía no Instituto Xelmírez de Santiago de Compostela, filósofo e ensaísta. Escribe na revista *Luces de Galicia*, tamén en *La Voz de Galicia* e actualmente é colaborador habitual de *El País* e de Radio Galega, entre outros medios de comunicación. Entre as súas obras destacan *Sobre o tempo e outros desatinos* (1991), *A Rosa sen porque* (1997), *La reinvencción de España* (2001), e *Aire para respirar* (2002).

#### *Basilio Lourenço*

Ensaísta e filósofo, foi mestre de Educación primaria. Durante os anos 70 participou na fundación do colectivo CIES. Entre as súas obras destacan *O nacionalismo galego e o futuro do nacionalismo*, *A submisión das masas* (premio de ensaio Ramón Piñeiro no ano 2000) ou *Ao final do infinito* (2008).

#### *José Bono*

Político pertencente ao Partido Socialista Obreiro Español, é actualmente presidente do Congreso dos Deputados e deputado por Toledo. Licenciado en Dereito pola Universidade de Deusto, foi tamén presidente da Comunidade Autónoma de Castela-A Mancha de 1983 ata 2004. Posteriormente ocupou o cargo de Ministro de Defensa.



## PADROADO

PRESIDENTA: Kristina Berg

VICEPRESIDENTE: Xavier Casares Mouriño

SECRETARIO: Håkan Casares Berg

ADMINISTRADOR: Xosé María Fonseca Moretón

VOGAIS: Christian Casares Berg, Mercedes Casares Mouriño, Manuel Rivas Barrós, Manuel Rodríguez Álvarez, Manuel Rodríguez Vázquez, Damián Villalaín, Darío Villanueva Prieto

VOGAIS INSTITUCIONAIS: Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Deputación Provincial de Ourense, Concello de Ourense, Concello de Vigo, Caixa Galicia, Caixanova, La Voz de Galicia, Consello da Cultura Galega, Editorial Galaxia, Real Academia Galega, Fundación Penzol

## COMISIÓN EXECUTIVA

Kristina Berg  
Håkan Casares Berg  
Xosé María Fonseca Moretón  
Manuel Rodríguez Álvarez

Xavier Casares Mouriño  
Damián Álvarez Villalaín  
Christian Casares Berg  
Manuel Rodríguez Vázquez

DIRECTOR XERENTE

Gustavo Adolfo Garrido García

CONSELLO ASESOR

Damián Álvarez Villalaín  
Antón Baamonde  
Denís Fernández Cabrera  
Carlos Fernández  
Miguel Anxo Fernández  
Manuel F. Vieites  
Juan I. Fonseca Moretón  
Xosé Fortes Bouzán  
Iolanda Galanes Santos  
Leandro García Bugarín  
Basilio García Pérez

Gustavo Adolfo Garrido  
Luís González Tosar  
Manuel Janeiro  
Modesto López Bouzas  
Anxo Lorenzo  
Ramón Loureiro  
Iago Martínez  
Henrique Monteagudo  
Antonio Montero  
Javier Pérez Carrasco  
Fernando Ramallo

Román Raña Lama  
Manuel Rivas Barrós  
Xulio Ríos  
Manuel Rodríguez Álvarez  
Lois Rodríguez Andrade  
Xosé Manuel Soutullo  
Marcos Valcárcel  
Vitor Vaqueiro  
Darío Villanueva Prieto

SECRETARÍA TÉCNICA

Miguel Valverde Juncal

## AMIGOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

Modesto López Bouzas	Bodegas Terras Gauda, S. A.	Joaquim Ventura Ruiz
Valentín Arias López	Daniel Soutullo España	Damián Villalain
Xosé Luís Rodríguez Pardo	Carlos Méixome Quinteiro	José Araújo Fernández
Antonio Salgueiro Armada	Edicións Lea, S. L.	Delfín Caseiro Nogueiras
Antón Riveiro Coello	Basilio Losada Castro	Marta González López
Miguel Pérez Romero	Antón Grande Penela	Adela Rodríguez
Inmaculada Gutiérrez	Mª Xosé Pérez Meixeira	Miguel A. Castelo
Xavier Mouriño Cagide	Juan C. González Febrero	Manuel Guisado Tato
Mª Eva Ocampo Vigo	Mª José del Río Oliete	Concepción Villanueva Ruíz
Håkan Casares Berg	Hixinio Beiras Cal	Real Club Náutico de Vigo
Begoña Álvarez Fernández	Alfonso Zulueta de Haz	Miguel Pérez Pereira
Xosé Manuel Soutullo	Bernardo Atxaga	Miguel Anxo Fernández
Pedro F. Díaz Torres	Perla Alonso Blázquez	Juan I. Fonseca Moretón
Leandro García Bugarín	Olivia Rodríguez González	Escola Rosalía de Castro
Delgado Arce Asesores, S. L.	Domingo Domínguez Gómez	Lola Beccaria
Teresa Vázquez de la Cruz	F. Xavier Carro Rosende	Xoiarúa Arezo
Francisco Castro Veloso	CEP “Carlos Casares”	Gustavo A. Garrido
Blanca Ana Roig Rechou	Esther Regueiro Fernández	Dolores Vilavedra Fernández
Paulino Novo Folgueira	Camiño Noia	Antonio Piñeiro Feijoo
F. Xavier Río Barxa	Efrén Vázquez Vázquez	José María da Rocha Álvarez
Anxo Tarrío Varela	Luis Menéndez Villalba	Julia Mera Guerrero
Narciso Luaces Pardo	Xulián Maure	Mª Dolores Fernández
José Mª Fonseca Martón	Antía Pérez Lorenzo	Pedro Laín Martínez
Manuel Janeiro Casal	Ana González López	Luis Caramés Viéitez
Manuel Espiña Gamallo	Fernando Savater	Arcadio López-Casanova
Xesús Rábade Paredes	Mercedes Lamarca Ruiz	Antonio Pichel Lorenzo
Álvaro Trillo Cayán	Manuel Rodríguez Álvarez	Mª Cristina Gutiérrez Fernández
Helena Villar Janeiro	Rosa Muñoz Aller	Victoria Lojo Vicente
Bieito Iglesias Araúxo	Guillermo de la Dehesa	Mª Cristina González
José Manuel Iglesias Carrera	APROIN	X. L. González Rodríguez
Ramón Barral Andrade	Miguel Barros Puente	Begoña Rodríguez Otero
Manuel Veiga Taboada	Álvaro Espilla Díaz	Consuelo Loureiro




CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO



Balneario de Mondariz  
*desde 1873*



Aguas de Mondariz



**FUNDACIÓN CARLOS CASARES**

Elduayen 36, 2º -- 36202 VIGO -- Telf.: 986 225 785

[www.fundacioncarloscasares.org](http://www.fundacioncarloscasares.org) -- [fundacioncarloscasares@fundacioncarloscasares.org](mailto:fundacioncarloscasares@fundacioncarloscasares.org)